

**XUNTA DE GOBERNO DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA
CORUÑA**

D. ALBERTO LEMA SUÁREZ, DNI núm. 32834597G, Concelleiro do Concello da Coruña e vogal membro da Xunta de Goberno do Consorcio, con domicilio a efectos de notificacións no edificio do Concello da Coruña, Praza de María Pita núm. 1, Local do Grupo “Marea Atlántica” (correo electrónico: camilolemanov@gmail.com) diante desa Xunta de Goberno comparece e, como mellor proceda, DI

Que polo presente escrito veño formular RECURSO DE REPOSICIÓN contra do Acordo da Xunta de Goberno do Consorcio de data 22.07.2022, punto 6 da orde do día, correspondente á adecuación retributiva singular do posto de Xerencia do Consorcio, de conformidade co art. 216.1.b) LALG 5/97; art. 63.1.b) LRBRL 7/85 e 123 e ss LPACAP 39/15, e con base nas seguintes

ALEGACIÓNS

Primeira.- Antecedentes.

1. Con data do 15.07.2021 anunciáronse no BOP da Coruña as Bases da convocatoria para a provisión do posto de persoal directivo profesional de Xerencia do Consorcio, segundo a Resolución da Presidencia do Consorcio núm. 57 de 14.07.2021

2. Dita base para a provisión do posto de xerencia, ademais de sinalar o seu carácter urgente, indicaba a natureza laboral do mesmo sometido a relación especial de alta directivo de conformidade co art. 13 TREBEP, o RD 1382/1985, art. 10 dos Estatutos do Consorcio e 21.1.g) LRBRL

3. Por outra banda as bases consignan que as funcións a desenvolver serán as previstas no art. 17 dos Estatutos así como as que se establezan nas instrucións, directrices e ordes emanadas dos órganos competentes do Consorcio.

A base 2ª sinala igualmente as principais funcións que corresponden ao posto de Xerente/a.

4. Fíxase que o posto de Xerente/a ten a equivalencia dun Grupo A1, coa dotación retributiva dun complemento de destino 28 e un complemento específico FR14ED indicando expresamente que as súas retribucións ordinarias serán equivalentes ás dun posto de Xefatura de Servizo do Concello da Coruña.

5. Por Resolución da Presidencia de data 13.08.2021 (BOP 17.08.2021) foi designado e nomeado do aspirante que superou o proceso selectivo e acordada a formalización do contrato de alta dirección co mesmo, pasando ocupar e desempeñar as funcións de dito posto nas condicións estipuladas nas bases da convocatoria.

6. Sen que desde logo partise de ningún acordo previo da Xunta de Goberno nin de ningunha outro órgano competente coñecido, na convocatoria (19.07.22) da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno para o día 22.07.2022, inclúese como punto 6º da orde do día o que se titula: “Adecuación retributiva singular do posto de Xerencia do Consorcio”.

O acordo foi aprobado, diante do empate dos membros da Xunta de Goberno, co voto de calidade do Presidente. Este comparecente votou en contra de dito acordo.

7. A raíz de dita proposta púidose ter coñecemento dun informe do Xefe de Servizo de Recursos Humanos da Concellería de Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello da Coruña de data 03.06.2022, relativo a unha eventual equiparación de funcións e similitude de atribucións dos Directores de Área do Concello e o Xerente do Consorcio

Igualmente do Informe proposta de adecuación retributiva da Xerencia do Consorcio asinada o 11.07.2022 que fai referencia a dito informe do Departamento de Persoal do Concello e do denominado “informe solicitado a la

Secretaría- Intervención de este Consorcio de Turismo y Congresos” o cal, ademais de estar datado con posterioridade (18.07.2022) fai mención igualmente a unha proposta de modificación das condicións retributivas do posto de Xerencia do Consorcio, que entendemos que sería o do Presidente antes indicado e cuxa concreta proposta de modificación se cinxiría a elevar a retribución do Xerente á semellante a dun Director de Área do Concello da Coruña.

En ningún de ditos documentos nin no acordo foi especificada a concreta retribución (complemento de destino e específico) que pasaría percibir o Xerente, máis aló da referencia dos Directores de Área, sen ningunha outra concreción nin desglose.

8. Se ben os informes non concretan ditos elementais extremos, segundo o manifestado verbalmente, o Acordo da Xunta de Goberno do Consorcio que aquí recorremos implicaría un incremento retributivo para o posto da Xerencia para o exercicio 2022 que superaría o 10% respecto do establecido para o exercicio 2021

Segunda.- Infracción do art. 19.un.h), .dous e .sete da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, en relación cos art. 122.1 LRXSP 40/2015 e arts 21 e 27 TRLEBEP e normativa concordante.

Segundo o informe da proposta de modificación de retribución singular do posto de xerencia, sinálase o apto. sete do art. 19 da Lei 22/2021 como base xustificadora de dita modificación, mais dita referencia non resulta acaída para determinar a retribución do persoal laboral, neste caso o posto da Xerencia do Consorcio, pois non existe ningunha razón, nin se intenta demostrar, que implique o carácter imprescindible de dita alteración á alza nin as eventuais modificación do contido do posto de traballo en cuestión.

Antes ao contrario, como diremos despois non só non se ten producido ningún cambio nas funcións do Xerente, senón que a realidade é que actualmente nin

sequera está a asumir as que os propios Estatutos fixan como secretario dos órganos colexiados do Consorcio.

En todo caso a alteración excede os límites fixados legalmente para os empregados públicos e máis concretamente para o persoal directivo, ao igual que as previsión dos orzamento xeral do Concello da Coruña no que se refire ao incremento salarial sen que, insistimos, se teña xustificado ningunha das circunstancias excepcionais previstas nos preceptos invocados no informe do Secretario-Interventor.

Terceira.- Subversión das bases de selección do traballador. Infracción arts. 23, 103 CE, art. 55 TRLEBEP e concordantes

1. Resulta indiscutible que o proceso de selección do Xerente viña condicionado e sometido aos principios constitucionais no acceso á función pública e aos principios reitores especificados no art. 55 TRLEBEP (ex art. D.A.1ª)

Art. 55 Principios rectores

1. Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.

2. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el art. 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.

Como é evidente e lembra por ex. "El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados, Núm. 20, Sección Consultas, Quincena del 30 Oct. al 14 Nov. 2006, Ref. 3581/2006, pág. 3581, tomo 3, Editorial LA LEY (LA LEY 777/2006)", a Xurisprudencia, reiteradamente ten sinalado que : **«la publicidad tiene por objeto hacer llegar a la generalidad de los posibles interesados el conocimiento de la existencia y características de la convocatoria** para que aquéllos puedan decidir lo oportuno respecto de su concurrencia”.

Por outra banda cómpre igualmente lembrar que os entes instrumentais están obviamente suxeitos a ditos principios os cales non son simples principios inspiradores senón normas procedimentais (STS 03.04.2009, Sala do Social)

2. Polo contrario a actuación do Consorcio supón unha clara manobra defraudadora en tanto en canto no mes de xullo de 2021 oferta o posto do traballo de Xerente/a baixo unhas premisas económicas e contido funcional (por outra banda, similares ás que viñan sendo observadas desde hai moitos exercicios) e pretende que catro meses despois da incorporación do actual adxudicatario, entren en vigor unha condicións económicas superiores ás iniciais.

Obviamente a fraude para todos aqueles potenciais interesados nas condicións sobrevidas é evidente pois, de ter coñecemento das mesmas, poderían ter concorrido a dita convocatoria con mellor dereito non só para eses terceiros interesados, senón tamén para o propio Consorcio que tería acadado unha concorrencia e participación superior.

3. Non se ten producido en todo caso ningunha alteración das funcións do posto da Xerencia desde a súa contratación, antes ao contrario, a pesar de que nas bases da convocatoria se estableceu, loxicamente, que correspondía desempeñar as funcións establecidas nos Estatutos, entre as que se atopa as de Secretario da Xunta de Goberno (art. 17), a día de hoxe continúa relevado dese cometido, o cal vén sendo desempeñado polo Secretario do Pleno do Concello da Coruña.

Noutras palabras, non só non existen novas funcións das previstas nas bases e nos propios estatutos do consorcio, senón que a pesar de estar prefixado nivel retributivo en relación con aquelas funcións, a actual organización das tarefas e reparto de funcións implica que a Xerencia está asumindo e desempeñando menos das fixadas estatutariamente e establecidas no contrato laboral en vigor.

Desde outro ángulo non pode compartirse o argumento relativo a que o Xerente estea a asumir unha función de planificación estratéxica equiparable á dun Director de Área cando non é ningunha tarefa a maiores das previstas nos

estatutos e na propia convocatoria tal e como consta literalmente en ambos documentos.

Por tanto resulta contradictorio o argumento relativo á necesidade de aumentar a retribución cando o traballo é inferior ao previsto no contrato e o que se destaca como funcións equiparables son as que xa estaban prefixadas nos Estatutos e na convocatoria publicada para provisionar dito posto de traballo.

4. En definitiva, o Acordo actual da Xunta de Goberno implica a ocultación e a infracción da regra de publicidade, mérito e concorrencia e, consecuentemente, está viciado de nulidade de pleno dereito.

Cuarta.- Improcedencia da pretendida equiparación funcional da Xerencia do Consorcio e as Direccións de Área do Concello da Coruña.

1. Segundo o informe proposta asinado pola Presidencia do Consorcio a similitude funcional entre a Xerencia do Consorcio e as Direccións de área do Concello da Coruña viría sustentada no informe do Xefe de Servizo de Recursos Humanos do Concello de data 03.06.2022. Este informe, o cal serviría de motivación do acto, limitouse a consignar os arts. 121 e 131 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) e o art. 17 do Estatutos do Consorcio, para concluír que as súas funcións “son moi similares” indicando que ambos son órganos de goberno e administración, facendo fincapé na función de tesoureiro do Xerente e que en ambos casos “propoñen proxectos e plans de actuación, executan acordose dirixen a execución dos plans e proxectos para alcanzar os obxectivos fixados polos Órganos Superiores”.

2. Pois ben, o que semella evidente é a omisión das elementais diferenzas que presentan os respectivos postos:

a) En primeiro lugar cómpre sinalar os requisitos de acceso, pois mentres o art. 132 ROM esixe que os Directores de Área sexan funcionarios de

Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional ou funcionarios de carreira das Entidades Locais, das Comunidades Autónomas ou do Estado, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, de conformidade co disposto no art. 130.3¹ da Lei de Bases de Réxime Local, os Estatutos do Consorcio nada prevén ao respecto e, de feito as bases da convocatoria de dito posto establecían a posibilidade de ser ocupado por profesionais do sector privado con máis de cinco anos de experiencia.

Asemade o posto de Xerente ten unha natureza laboral cunha duración de dous anos, fronte á funcional dos Directores de Área e que está expresamente excluída para o posto de Xerente.

Por outra banda os primeiros son nomeados pola Xunta de Goberno Local e o Xerente pola Xunta de Goberno do Consorcio onde, lembremos participan entidades privadas.

b) Non existe nin se pode establecer unha analoxía entre o cadro de persoal do Consorcio, que non ten aprobada a súa RPT nin unha VPT de cada un dos postos de traballo, e o do Concello da Coruña

c) Tampouco resultan comparables os parámetros de disposición económica e por tanto de responsabilidade, que presenta unha Dirección de Área coa da Xerencia do Consorcio (máximo 3.000 € - similar a unha Xefatura de Servizo-).

d) O informe da Xefatura de Servizo consigna xenericamente as atribucións da dirección na xestión das áreas municipal (131 ROM) e as establecidas no art, 17.2 dos Estatutos do Consorcio, pero non se establece unha comparación detallada das funcións efectivamente exercitadas (entre outras razóns non todas as Direccións de Área son

¹ 3. El nombramiento de los coordinadores generales y de los directores generales, atendiendo a criterios de competencia profesional y experiencia deberá efectuarse entre funcionarios de carrera del Estado, de las Comunidades Autónomas, de las Entidades Locales o con habilitación de carácter nacional que pertenezcan a cuerpos o escalas clasificados en el subgrupo A1, salvo que el Reglamento Orgánico Municipal permita que, en atención a las características específicas de las funciones de tales órganos directivos, su titular no reúna dicha condición de funcionario.

homoxéneas), pero é que a mera literalidade de ditos preceptos permite afirmar a inexistencia dunha plena identidade de cometidos e funcións.

Lembremos que non existe ningunha obriga do Consorcio de incrementar a retribución de ningún traballador en tanto en canto non se evidencia a existencia dunha situación discriminatorio respecto a empregados públicos de idéntico desempeño funcional, identidade que debe ser efectivamente demostrada en comparación que, no actual suposto, é imposible ao ser o posto de Xerente o único directivo do Consorcio. Neste sentido TSXG, Sección 1ª, Sentenza 102/2018 de 7 Mar. 2018, Rec. 261/2017², lembra o imprescindible exercicio comparativo da realidade material.

e) Noutra orde de consideracións parece igualmente indiscutible que o nivel de responsabilidade respecto do volume de empregados públicos é totalmente dispar entre o persoal contratado polo Consorcio co de calquera Concellería do Consistorio, ademais das función propias de coordinación e supervisión dos cadros intermedios – xefes de departamento, xefes de servizo, etc..- existentes nestas.

f) En conexión co anterior cómpre subliñar igualmente que a propia realidade impide apreciar ningunha singularidade que excepcione os parámetros de comparación, por exemplo en base ao indicado no informe do Interventor: *“por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo”*.

² La conculcación del principio de igualdad en la aplicación de la ley, proclamado en el artículo 14 de la Constitución, exige la previa demostración de que ante situaciones idénticas comparativamente hablando la solución normativa es diferente, sin la existencia de razones objetivas para el distinto tratamiento. Específicamente referido a un problema concerniente a la equiparación retributiva de los Subinspectores de Inspección tributaria, la sentencia del Tribunal Supremo de 9 de diciembre de 1994 ha declarado que para la vulneración del principio constitucional de igualdad recogido en el artículo 14 de la Constitución en la asignación de los complementos de destino y específico **sería imprescindible que constase que los funcionarios que se comparaban vinieran desempeñando todos ellos puestos de trabajo análogos totalmente y con íntegra identidad de funciones.**

De la jurisprudencia mencionada ha de deducirse que la norma general es que si existe diferencia de funciones debe haber la correspondiente diferencia retributiva. Por consiguiente, **al ser la igualdad de funciones la excepción a la regla general ha de quedar ello acreditado debidamente para surtir los efectos deseados por la recurrente.**

Nótese que en ningún momento se ten acreditado que exista ningún incremento nesas referencias e, antes ao contrario os resultados serían contrarios a esa premisa. Abonda con constatar que, constituíndo a promoción de aeroliñas máis da metade do orzamento do Consorcio, as cifras do aeroporto de Alvedro, a diferenza doutros aeroportos, aínda non recuperaron os resultados anteriores á crise do Covid, polo que en modo ningún se pode apreciar o cumprimento de ningún obxectivo excepcional que propicie a maior retribución que se pretende.

En definitiva, de saída, son superiores as diferenzas, de importante calado, ás semellanzas que en abstracto se intentaron defender, en todo caso sen analizar detidamente a actividade e desempeño real dos postos de traballo en comparación. Xa que logo a teórica razón que motivaría a actuación aquí impugnada resulta contraria á finalidade pretendida.

Quinta.- Por tanto, a xuízo deste concelleiro, ben por premisas erradas, ben por razóns sobrevidas pero, en todo caso, ocultas e non explicitadas, a Presidencia do Consorcio optou por favorecer e privilexiar a retribución do Xerente á marxe do marco normativo de obrigado cumprimento, vulnerando os límites impostos pola legalidade orzamentaria e os propios actos verificados nas bases da convocatoria pola que se proveeu o posto de Xerente e unha vez adoptada dita decisión fabricouse, incluso con informes extemporáneos, unha xustificación que resulta a todas luces inverosímil e obxectivamente falsa e contraria aos principios que informan a planificación e a xestión do emprego público, de tal xeito que foron infrinxidos os principios constitucionais e legais antes aludidos.

Por tanto a única solución a tamaña desviación pasa pola anulación do acordo do 22.07.2022 e o mantemento da legalidade no que se refire ás condicións retributivas do posto de Xerente do Consorcio.

Polo exposto,

SOLICITO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONSORCIO: Que teña por presentado este escrito e por formulado recurso de reposición contra do Acordo da Xunta de Goberno do Consorcio de data 22.07.2022, punto 6 da orde do día, correspondente á adecuación retributiva singular do posto de Xerencia do Consorcio para que, o mesmo sexa declarado nulo, revogado e deixado sen efecto.

A Coruña, 12 de agosto de 2.022